



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO XOVES 30 DE XULLO DE 2020

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a trinta de xullo de dous mil vinte, sendo as vinte horas, ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D.^a Patricia María Vázquez Figueroa
D.^a María Begoña Calviño Dorado
D. Juan Francisco Sánchez López
D. Santiago Franco Blanco
D. José Ramón Lorenzo Carou

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a María Loreto Caseiras Arroyo
D.^a Alicia María Souto Ramos
D. Miguel Ángel Iglesias Mesías

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños (AV)

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)
D. Eloy Babío Veiga

Grupo Mixto

D. David Carro Temprano (BNG)

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria, D.^a Ana M.^a Cacharrón Castelos.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 28 DE MAIO DE 2020 E EXTRAORDINARIA DE 13 DE XUÑO DE 2020
2. TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, MIGUEL ÁNGEL IGLESIAS MESÍAS. ACORDOS QUE PROCEDAN
3. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2020
4. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2019. ACORDOS QUE PROCEDAN
5. MODIFICACIÓN PUNTUAL SÉTIMA DE CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE BERGONDO
6. EXPROPIACIÓN FORZOSA PLAN DE SANEAMENTO MUNICIPAL 2019_ 2ª FASE_APROBACIÓN INICIAL
7. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO 2020 MEDIANTE SUPLEMENTO DE



CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2_SC

8. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO PARA O EXERCIZO DA POTESTADE SANCIONADORA POLO INCUMPRIMENTO DO REGULAMENTO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RESIDUOS URBANOS DO CONSORCIO AS MARIÑAS NO CONCELLO DE BERGONDO
9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOBRE PROMOCIÓN DE PLANTACIÓN DE ÁRBORE AUTÓCTONA
10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS
11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS EN RELACIÓN A CONCENTRACIÓN PARA A ELIMINACIÓN DA LEI MONTORO E DA REGRA DE GASTO
12. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA
13. MOCIÓNS URXENTES
14. ROGOS E PREGUNTAS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 28 DE MAIO DE 2020 E EXTRAORDINARIA DO 13 DE XUÑO DE 2020

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do 28 de maio de 2020 e sesión extraordinaria do 13 de xuño de 2020, a través de documentos remitidos por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular ás ditas actas.

Non formulándose observacións, postas a aprobación as actas das sesións ordinaria do 28 de maio de 2020 e extraordinaria do 13 de xuño de 2020, por unanimidade de votos a favor (trece), apróbanse as referidas actas.

2. TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, MIGUEL ÁNGEL IGLESIAS MESÍAS. ACORDOS QUE PROCEDAN

A Sra. Alcaldesa pregunta ao Sr. Concelleiro Iglesias Mesías si desexa participar nesta sesión plenaria, contestando éste que sí, polo cal suxire trasladar este punto ao final da orde do día.

O Pleno, por unanimidade, decide o traslado do presente punto ao derradeiro lugar da orde do día.

3. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2020

Dáse conta aos/ás asistentes dos informes sinalados neste punto da orde do día, e que foron remitidos aos sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.



4. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2019. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas, en xuntanza do día 28 de maio de 2020, logo da súa exposición ao público sen alegacións, que transcrita literalmente di:

*“Unha vez rendidos pola Alcaldía os estados e contas anuais, a Intervención municipal nos termos establecidos no artigo 212 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), procedeu a formar a Conta Xeral, emitindo un informe que acompaña á mesma, no que entre outros extremos informa sobre a Regra 49.4 da Instrucción de Contabilidade que establece que **“La aprobación de la Cuenta General es un acto esencial para la fiscalización de ésta por los órganos de control externo, que no requiere la conformidad con las actuaciones reflejadas en ella ni genera responsabilidad por razón de las mismas”***

A Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o 28 de maio de 2020, dictaminou favorablemente a Conta Xeral de 2019, procedéndose á súa exposición pública no Boletín Oficial da Provincia nº 79 de data 3 de xuño de 2020. Transcorrido o prazo sinalado no artigo 212.3 do TRLRFL sen que se producisen reclamacións e en cumprimento do disposto no artigo 212.4 do citado texto legal, propoño ó Pleno da Corporación, que previo exame do expediente, adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2019, co desglose das Contas e Estados que a forman, e se indican a continuación:

	Exercicio 2018	Exercicio 2019
1. BALANCE DE SITUACIÓN: TOTAL ACTIVO E PASIVO	31.885.042,85 €	33.271.919,76 €
2. CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL:	1.349.283,59 €	949.800,42 €
Aforro		
Desaforro	0,00 €	0,00 €

3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

A) RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO 2019.

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a.- Operacións correntes	6.658.180,42	5.247.336,56		1.410.843,86
b.- Operacións de capital	488.539,01	1.710.169,27		-1.221.630,26
1. Total operacións non financeiras (a+b)	7.146.719,43	6.957.505,83		189.213,60
c) Activos financeiros	7.593,60	9.394,59		-1.800,99
d) Pasivos financeiros	0	0		0
2. Total operacións financeiras (c+d)	7.593,60	9.394,59		-1.800,99
I. RESULTADO ORZAMENTARIO	7.154.313,03	6.966.900,42		187.412,61



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

DO EXERCICIO (I=1+2)		
AXUSTES		
3. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais	1.585.871,48	
4. Desviacións de financiación negativas do exercicio	280.091,25	
5. Desviacións de financiación positivas do exercicio	434.369,17	
II. TOTAL AXUSTES (II=3+4-5)	1.431.593,56	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)		1.619.006,17

B) ESTADO REMANENTE DE TESOURERIA.

COMPONENTES	IMPORTES ANO	
1. Fondos líquidos		7.402.789,75
2. Dereitos pendentes de cobro		17.105,34
+ do orzamento corrente	0	
+ de orzamentos cerrados	110,40	
+ de operacións non orzamentarias	16.994,94	
3. Obrigas pendentes de pago		325.304,05
+ do orzamento corrente	3.073,47	
+ de orzamentos cerrados	0	
+ de operacións non orzamentarias	322.230,58	
4. Partidas pendentes de aplicación		-19.176,86
- cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	19.176,86	
+ pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0	
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)		7.075.414,18
II. Saldos de dubidoso cobro		0
III. Exceso de financiación afectada		28.455,28
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)		7.046.958,90

C) DEREITOS E OBRIGAS PENDENTES EXERCICIO 2019.

- Dereitos pendentes de cobro orzamento corrente..... 0 euros.
- Obrigas pendentes de pago orzamento corrente..... 325.304,05 euros.

D) REMANENTES DE CRÉDITO.

- Comprometidos.....1.957.468,78 euros.
- Non comprometidos..... 2.018.387,66 euros.

4) Memoria: Completa, amplía e comenta la información contida no Balance, na Conta do resultado económico-patrimonial e no Estado de liquidación do Orzamento.

Segundo: Que se proceda a render ó Consello de Contas da Xunta de Galicia a referida Conta Xeral, de acordo co previsto no artigo 212.5 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O Pleno da Corporación decidirá o que crea mais conveniente.

Bergondo, na data que figura na marxe



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

A Alcaldesa

Asdo. Alejandra Pérez Máquez”

A Sra. Alcaldesa explica que a conta xeral é o documento do fiel reflexo contable da actuación e do que se levou a cabo no ano 2019, non e un documento político. Hai un superávit e remanente importante no exercicio 2019 que ata agora só se podía incorporar aos orzamentos municipais a través dos suplementos de crédito, feito que xa se ven facendo a cotío neste concello, cumprindo coa normativa.

Neste documento constan 102 reparos, algún referidos a persoal municipal (contratacións, pagos de horas extra), seguros, prorrogas de contratos de obras que non cumprían co trámite de estar solicitadas, redacción de proxectos, dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde, contratos de comunicación, gasóleo, mantemento eléctrico (tope do contrato superado pola cantidade de avarías que houbo), canon dos cementerios, suministro eléctrico e de telefonía, asistencias xurídicas, unha devolución de aval (dunha obra bastante antiga), e por recurrencia de facturas de entidade menor e ausencias de procemento. Na súa maioría estes reparos correspóndese con facturas de entidade menor municipal, de importancia relativa. Os contratos e as cantidades importantes están perfectamente contratados. Seguirase centrando os esforzos nos contratos maiores, de obra, suministro e servizos, que son os que supoñen a maior inversión e gasto municipal neste concello e pouco iran se incorporando estes contratos de entidade menor.

O Sr. voceiro do PP reconece que isto non é un exercicio político, pero é a fiel realidade de cómo un goberno xestiona os impostos dos vecinos. Alude por exemplo á devolución dun aval dunha obra, na que o concello foi quen reparou os camiños municipais e, non obstante devólveúselle o aval a empresa. Fai referencia a varios contratos que se dilatan no tempo máis do que marca o procemento, a pesares de non haber petición desto por parte da empresa ni do concello, ao grande número de reparos, e ao feito de saltarse os procedementos por ser contratos de pouca entidade. E todo isto xustifica que o seu voto vai ser en contra.

O Sr. voceiro do grupo mixto sinala que isto é o reflexo do que se executou no ano anterior. Parécelle importante que se fiscalice polos órganos que correspondan, aínda que discrepa nalgunhas partes. Chámanlle a atención partidas que quedaron sen executar e está de acordo en que se reduzan os reparos. O seu voto vai ser a abstención

O Sr. voceiro de AV manifesta que o seu voto vai ser favorable.

A Sra. Alcaldesa responde que non se saltan o procemento a propósito e insiste en que o concello xestiona moi ben os impostos da veciñanza e non se deixará de seguir invertindo e facendo cousas por non poder encargar a redacción dun proxecto ou demáis. É consciente de que hai que mellorar estes procedementos. A modificación da Lei de Contratos foi o que supuxo un incremento brutal no número de contratos. Aumentan a cantidade de procementos que habería que ter en licitación no concello. A conta xeral agora someteráse aos órganos de fiscalización, ao Consello de Contas, e será este órgano quen terá que pedir aclaracións ou obxeccións si procede, e o Concello está a disposición dos órganos fiscalizadores. Lembra algunha das partidas en investimentos que puido quedar pendente de executar no ano 2019 por estar pendente de autorizacións sectoriais, como pode ser a obra de peches nas pistas polideportivas.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo



mixto: unha (1) abstención. Total oito (8) votos a favor, catro (4) votos en contra e unha (1) abstención.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

5. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL SÉTIMA DAS NNSS. DE PLANEAMENTO DE BERGONDO, CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTES: 2017/X999/000101_ 2019/U032/000002

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 27 de xullo de 2020, que transcrita literalmente di:

“ANTECEDENTES

PRIMEIRO- Por acordo do Pleno Municipal do 28 de febreiro de 2019, procedeuse a aprobación inicial da Modificación puntual do planeamento municipal sétima. Corrección de erros, redactada pola arquitecto dona María Ríos Carballeira. Documento para aprobación inicial. Xaneiro de 2019

SEGUNDO.- O expediente estivo exposto ao público no Concello de Bergondo, durante o período comprendido entre o día 10.04.2019 (DOG nº 69 do 9 de abril de 2019, e anuncio na Voz de Galicia do 9 de abril de 2019) ata o 10 de maio de 2019, ambos incluídos. Segundo informe do responsable do Rexistro municipal, non consta a presentación de alegacións no período de exposición ao público.

TERCEIRO.- O 15.05.2019 consta informe xurídico sobre a normativa xurídica de aplicación en orde a solicitude dos informes sectoriais previos a aprobación provisional, e informe dos servizos técnicos municipais indicando os informes a solicitar de data 20.05.2019 e informe aclaratorio do 16.04.2020.

CUARTO.-Recibíronse todos os informes sectoriais, indicados nos informes do arquitecto municipal do 20/05/2019 e 16/04/2020 :

1- Informe da Delegación de Goberno, consonte a Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, reguladora do contrato de concesión de obras públicas; artigo 5 da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos; artigo 5 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural

Recíbese o 20.07.2019, (RX entrada núm. 201990000000831), informe da Subdelegación do Goberno en Galicia. Area de Fomento, favorable.

O 28.01.2020 (RX entrada núm. 201990000000831) recíbese informe da Dirección Xeral de Política enerxética e Minas do Ministerio para a Transición ecolóxica, emitido ao amparo da lei 13/2003 reguladora del contrato de concesión de obras publicas, favorable.

Compre salientar, que se ben no oficio de remisión, faise referencia a modificación puntual denominada precisión das condicións de ordenación, tamén faise referencia a remisión de información efectuada o 23.05.2019, e a mesma foi a relativa a modificación puntual sétima, corrección de erros

2.- Informe do Ministerio de Economía e Empresa. Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información, regulado no artigo 35 da Lei 9/2014, de telecomunicacións (antigo Ministerio de Industria, enerxía e Turismo) Recíbese ó 25.06.2019., favorable



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Compre salientar, que se ben no encabezamento manifestase que o informe é o relativo a modificación “precisión de condicións de ordenación “pola data indicada de recepción do mesmo (o 23.05.2019) e a identificación do numero do expediente 2017/X999/000101, dedúcese que o realmente informando e o concernente a modificación puntual sétima, corrección de erros.

3.- Informe da Deputación Provincial. Consonte o artigo 23.2 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014, de medidas fiscais e administrativa. Recíbese o 08.08.2019 (RX entrada núm. 201990000000873) favorable.

Compre manifestar que se ben no encabezamento, faise referencia a modificación denominada precisión das condicións de ordenación, no apartado ACORDO, citase xa expresamente que se refire a modificación, corrección de erros, o cal queda plasmado, do mesmo xeito, ao citar os artigos das normas que se modifican.

4.- Efectuouse a preceptiva comunicación a Delegación Especial de Economía e Facenda os efectos do artigo 189 da Lei 33/2003 de Patrimonio das administracións públicas dada a existencia no termo municipal do CPAP titularidade da Administración do Estado. (RX saída do 25.05.2019 núm. 201990000000457). No se obtivo resposta expresa, pero inclúese no informe da Subdelegación do Goberno en Galicia. Area de Fomento, indicado ao punto 1.

5.- O 06.05.2019 (RX entrada núm. 201990000001563), recibíse informe de ADIF, de data 2 de maio de 2019, remitido en relación a modificación puntual sexta, pero que tamén fai referencia a modificación puntual sétima corrección de erros, favorable. Este informe non foi solicitado polo Concello.

6.-O 15.04.2019 (RX Saída núm. 201990000000329), remítese o expediente completo, a Xefatura Territorial da Consellería de Medio ambiente territorio e vivenda, aos efectos previstos no artigo 60.7 da Lei 2/2016.O 25.06.2019, Recíbese informe da AXI o 25.06.2019 favorable.

O 20.0.2020,(Rx entrada núm. 2019900000000146) recíbese informe da Directora Xeral de Ordenación do Territorio , do tramite previsto no artigo 60.7 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, ao cal acompaña os informes sectoriais emitidos e o resultado do trámite de audiencia

Remítense os seguintes:

Informe da A.X.I, do 21.06.2019, favorable. (xa constaba no Concello).

Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, do 13.09.2019 favorable

Informe da sección de minas da Xefatura Territorial da Conselleira de Economía, Emprego e Industria do 25.06.09, favorable,

Informe do Instituto de Estudos do Territorio do 01.08.2019, favorable..

7.- O 21.02.2020, a Dirección Xeral de Urbanismo, no tramite do artigo 60.7 da Lei 2/2016, remite informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, extemporáneo.

QUINTO.- O 18.06.2020 (Rx entrada núm. 1267) a arquitecta redactora dona María Ríos Carballeira, achega a seguinte documentación técnica :



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- *Modificación Puntual das NSP. Concello de Bergondo. Corrección de erros materiais. Documento para aprobación provisional. Xuño 2020. Paxinas 1 a 17*
- *-Modificación Puntual sétima das NSP, Concello de Bergondo. Corrección de erros materiais. Informe relativo ao período de información pública. Xuño 2020. Paxinas 1 a 11.*

CONSIDERANDO

Os informes do arquitecto municipal, emitidos o longo do expediente de datas 20.05.2019 e 16.04.2020, sobre os informes sectoriais que compre acadar e informe favorable a aprobación provisional do 30.06.2020

O informe xurídico emitido pola xurista de urbanismo, de data 15.05.2019 sobre as normas sectoriais a ter en consideración e informa favorable a aprobación provisional de data 13.07.2020 asinado pola xurista de urbanismo, coa conformidade da Secretaria Xeral d Concello e a Interventora.

Tendo en conta, que na redacción do documentos necesario para a aprobación provisional da modificación puntual sétima das normas subsidiarias de Bergondo, denominada “Corrección de Erros” contén as precisións indicadas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural

Tendo en conta o contido do artigo 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e que a competencia para a aprobación provisional é do Plano por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade cos artigos 22.2c) e artigo 47.2l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez examinado o expediente, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente a Modificación puntual sétima das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Bergondo. Corrección de Erros Materiais, contidas no expediente nº 2017/X999/000101 e continuada no expediente 2019/U032/000002), redactada pola arquitecto dona María Ríos Carballeira en base a los documentos denominados Modificación Puntual das NSP. Concello de Bergondo. Corrección de erros materiais. Documento para aprobación provisional. Xuño 2020. Paxinas 1 a 17, e Modificación Puntual sétima das NSP, Concello de Bergondo. Corrección de erros materiais. Informe relativo ao período de información pública. Xuño 2020. Paxinas 1 a 11.*

SEGUNDO.- *Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, a Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda , de conformidade co artigo 60.13 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.*

Bergondo, o 13 de xullo de 2020

*A alcaldesa-presidenta
Alejandra Pérez Máquez”
(...)*

A Sra. Alcaldesa comeza lembrando que as cuestión técnicas relativas a este punto xa foron explicadas na Comisión Informativa do pasado 27 de xullo por parte do Arquitecto municipal e da Xurista de Urbanismo. É a continuación do documento que se aprobou o ano pasado e unha vez recibidos os informes favorables agora toca o aprobación provisional e, de ser aprobada, o seguinte paso sería a aprobación definitiva pola Xunta. Esta modificación puntual vai parella á sexta que virá tamén a pleno cando se incorporen o contido dos informes da modificación. As dúas modificacións xurdiron dunha petición do servizo de Urbanismo pola complexidade que tiñan á hora de facer determinados informes, en determinados lugares, polos erros que contiña o documento ou porque a propia normativa avanzara e tiña que actualizarse. Nesta, en concreto, o principal escollo era a non



coincidencia entre texto e planos. Abrangue todo o termino municipal e modifica quince artigos das normas. Estas modificacións non van substituír a un novo planeamento, non alteran a calificación urbanística, aínda que a definen nalgún caso, e son un documento que temos para traballar máis seguros nas tramitacións das licenzas.

Os Sres. voceiros do PP, do grupo mixto, e AV manifestan que non teñen nada que alegar.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: unha (1) abstención. Total doce (12) votos a favor e unha (1) abstención, que representa a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, segundo esixe o artigo 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase **aprobado, por maioría absoluta de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos

6. EXPROPIACIÓN FORZOSA. APROBACIÓN DO PLAN DE SANEAMENTO MUNICIPAL 2019, SEGUNDA FASE, APROBACIÓN DOS PROXECTOS DAS OBRAS E DAS RELACIÓNS DE BENS E DEREITOS DE NECESARIA OCUPACIÓN PARA PROCEDER Á SUA EXECUCIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTE. 2020/X999/0000161

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 27 de xullo de 2020, que transcrita literalmente di:

“Visto que o saneamento é un dos servizos obrigatorios que debe prestar o Concello ao abeiro do establecido no artigo 26.1 a) da LBRL.

Visto que a execución deste Plan de saneamento municipal é fundamental para a conexión aos colectores xerais existentes e á EDAR de Gandarío, de todo o saneamento, tanto o xa existente como o que se trata de acometer agora, do núcleo de Tatín e ambalas dúas marxes da estrada AC162; tamén completala rede saneamento en Rois, levada a cabo no plan de saneamento municipal 2016, fase primeira, incorporándolle a colector núm. 3, o alcantarillado do núcleo de Souto, e ao colector núm. 4, o alcantarillado do núcleo de Cortes; e completar a rede de saneamento de San Paio, tamén executada no Plan de saneamento municipal 2016, incorporándolle ao colector-4, o alcantarillado de parte do núcleo de San Paio.

Visto que para a execución de algúns destes proxectos que integran este plan (en concreto o de Tatín e o de San Paio) consta que, para a execución das obras, hai necesidade de ocupación temporal, nuns casos, e definitiva noutros, de terreos privados, será necesario tramitar o correspondentes expedientes de expropiación forzosa.

Considerando que as obras comprendidas nos plans de obras e servizos locais, levan anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade da ocupación dos terreos e edificios neles comprendidos a efectos de expropiación forzosa, conforme dispón o artigo 94 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril e o artigo 10 da Lei de Expropiación Forzosa, o Concello de Bergondo, en sesión plenaria extraordinaria aprobou o Plan de saneamento municipal 2019, segunda fase, que inclúe os proxectos: 1. Proxecto de saneamento en Tatín e na estrada AC-162, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), cun presuposto de execución pro contrata de 313.622,10 euros; 2. Proxecto de saneamento en Rois, TM de



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), cun presuposto de execución por contrata de 22.928,00 euros; 3. Proxecto de saneamento en Cortes, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), cun presuposto de execución por contrata de 59.122,35 euros; e 4. Proxecto de saneamento en San Paio, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), cun presuposto de execución por contrata de 69.999,86 euros.

Considerando que a relación de propietarios e titulares dos bens e dereitos de necesaria ocupación inclúese nos correspondentes proxectos, contendo a descrición e valoración dos bens e dereitos afectados, mediante os correspondentes Anexos de expropiacións, redactados polo enxeñeira técnica agrícola dona Beatriz Blanco Lois, en xullo de 2020, no que se recolle a xustificación, relación de bens e titulares, follas de características das fincas a apropiar, resumen de valoracións e plano parcelario.

Vistos os artigos 90 e 94 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril e os artigos 10 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa, e visto o informe de secretaría do 13.07.2020, propónse ao Pleno municipal, que previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Proxecto de saneamento en Tatín e na estrada AC-162, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), cun valor estimado de 259.191,82 euros, máis 54.4430,28 euros de IVE (21%), que fan un total de 313.622,10 euros, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Patricio Aguilar Cavanillas, colexiado núm. 7641, incluído no mesmo o Anexo de expropiacións, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RDLex. 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación concreta individualizada se describe no anexo do proxecto, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación. (anexo I)

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o Proxecto de saneamento en San Paio, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), cun valor estimado de 57.851,12 euros, máis 12.148,74 euros de IVE (21%), que fan un total de 69.999,86 euros, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Patricio Aguilar Cavanillas, colexiado núm. 7641, incluído no mesmo o Anexo de expropiacións, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RDLex. 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación concreta individualizada se describe no anexo do proxecto, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación. (anexo II)

TERCEIRO. Seguir a expropiación individualmente abrindo prazo de información pública durante quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios do concello e nun dos diarios de máxima difusión da provincia, con notificación persoal aos interesados, para que os titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan aportar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos na relación publicada, ou opoñerse á ocupación ou disposición dos bens ou dereitos por motivos de forma ou de fondo que deberán estar fundamentados. Aos únicos efectos da subsanación de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime pertinentes. De producirse alegacións deberán ser resoltas polo Pleno, debendo aprobarse, en todo caso, definitivamente a relación de bens e dereitos.

Relación de Titulares, bens e dereitos afectados

ANEXO I



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Saneamento en Tatín e na estrada AC-162, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo)

FINCA	TITULAR/NIF	REFERENCIA CATASTRAL	DNI/NIF	SUPERFICIE TOTAL (m2)	SUPERFICIE AFECTADA (m2)	TIPO DE AFECCIÓN	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	USO	SITUACIÓN URBANÍSTICA DO SOLO	TOTAL (€)
1	URBANIZACIÓNS XERAIS SL	1788936NH6918N0001TL	*1552** **	7.563,00	195	SERVIDUME	SOLO URBANO (RESIDENCIAL EXTENSIVA)	RESIDENCIAL	URBANIZADO	5.953,35
2	MARÍA DEL MAR FEAL DANS E MANUEL DANS MUIÑO (HERDEIROS)	1991618NH6918N0001UL	32**39**		64	PLENO DOMINIO	SOLO URBANIZABLE URI	LABOR	RURAL	557,09

ANEXO II

Saneamento en San Paio, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo)

FINCA	1
TITULAR	MARÍA DEL CARMEN SÁNCHEZ RIVEIRO
DNI	4633*****
REFERENCIA CATASTRAL	15008A002000160000XO
SUPERFICIE TOTAL (m2)	1.288,00
SUPERFICIE AFECTADA (m2)	45
TIPO DE AFECCIÓN	PLENO DOMINIO
CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO NON URBANIZABLE (RÚSTICO)
CULTIVO	PRADO
SITUACIÓN URBANÍSTICA SOLO	RURAL
VALOR (€)	335,16

Bergondo, 21 de xullo de 2020

A Alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”

(...)

A Sra. Alcaldesa indica que é a continuación do plan de saneamento aprobado o ano pasado e dos catro proxectos que se aprobaron, os proxectos de Tatín e San Paio requiren ter a disponibilidad de terreos que non se tiña, requiren a ocupación. No de San Paio é o espazo para poñer o bombeo, que require ter a disponibilidad plena. E no de Tatín é por un lado unha servidume para unha canalización, e na outra finca é a titularidade plena para instalar o bombeo. Estes datos foron obtidos do catastro, como obriga a normativa de expropiacións, e si houberse algún erro neles, ao publicar xa se vai abrir un período de alegacións para que os afectados informen de erros nas titularidades ou presenten as alegacións ás valoracións. Este proceso pode ser rápido si as partes están de acordo e asinan, ou alongarse si ten que ir ao Xurado de Expropiación.

O Sr. voceiro do PP amósase a favor de todo o que sexa acelerar a rede de saneamento, e máis na situación actual.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total trece (13) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

7. MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO 2020 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2_SC. ADOPCIÓN DE ACORDOS QUE PROCEDAN

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 27 de xullo de 2020, que transcrita literalmente di:

“Elaborado o expediente sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para o actual exercicio de 2020, mediante a forma de **suplemento de crédito e crédito extraordinario**, por importe total de 1.021.577,92 euros, para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación, relativas ós capítulos IV correspondente a gasto corrente e VI correspondente a gastos de inversión e tendo en conta o establecido na documentación obrante no expediente, e previo Informe da Intervención Municipal, preséntanse os créditos que se pretenden modificar desglosados por aplicacións orzamentarias xunto coa súa financiación.

En consecuencia, proponse ó Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, por importe total de 1.021.577,92 euros, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación e polo importe reflectido:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO

Capítulo VI: Inversións reais:

Aplicación orzamentaria	Concepto orzamentario.	Consignación inicial	Modificacións anteriores	Incremento	Consignación Definitiva tras esta modificación
454/619.00	Plan mellora e seguridade viaria	0	956.704,14	797.691,56	1.754.395,70
160/609.00	Inversión novas saneamento	59.122,35	144.005,66	31.886,36	235.014,37
	CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO	59.122,35	1.100.709,80	829.577,92	1.989.410,07

Capítulo IV: Transferencias correntes

Aplicación orzamentaria	Concepto orzamentario.	Consignación inicial	Modificacións anteriores	Incremento	Consignación Definitiva tras
-------------------------	------------------------	----------------------	--------------------------	------------	------------------------------



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

					esta modificación
433/479.00	Outras subvencións a empresas privadas. Desenvolvemento empresarial	0	0	192.000,00	192.000,00
	CAPÍTULO IV:	0	0	192.000,00	192.000,00
	TOTALIDADE DE CRÉDITO				

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO: 31.886,36 EUROS

TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO: 989.691,56 EUROS

TOTAL MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: 1.021.577,92 EUROS.

O financiamento desta modificación de crédito proposta realizarase con cargo a:

Remanente líquido de Tesourería co seguinte desglose:

Remanente líquido de Tesourería a esta data:	5.212.010,44 euros
Remanente empregado noutras modificacións (incorporación de remanentes e suplemento 1_SC):	1.834.948,46 euros
Superávit orzamentario:	113.930,16 euros
Cantidade que se precisa utilizar neste expediente:	1.021.577,92 euros
Diferencia, cantidade de Remanente sobranete:	4.190.432,52 euros
Remanente empregado por enriba do superávit:	2.742.596,22 euros
Remanente total empregado en modificacións:	2.856.526,38 euros

Consecuentemente coas modificacións acordadas, o Orzamento de 2020 queda como segue:

Resumo da modificación orzamentaria por capítulos de gasto

Capítulo	Consignación inicial	Modificacións anteriores	Aumento	Disminuc.	Consignación definitiva
1.- Gastos de persoal	2.125.062,03	104.443,29	0	0,00	2.229.505,32
2.- Gastos bens correntes e servic.	3.423.441,44	400.744,33	0	0,00	3.824.185,77
3.- Gastos financeiros	0,00	0,00	0	0,00	0,00
4.- Transferencias correntes	275.011,99	635,67	192.000,00	0,00	467.647,66
6.- Inversións reais	822.795,34	2.734.071,68	829.577,92	0,00	4.386.444,94
7.- Transferencias de capital	0,00	0,00	0	0,00	0,00
8.- Activos financeiros	22.000,00	0,00	0	0,00	22.000,00
9.- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0	0,00	0,00
TOTAIS	6.668.310,80	3.239.894,97	1.021.577,92	0,00	10.929.783,69



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

SEGUNDO. *Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ó público durante 15 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Sede electrónica do Concello de Bergondo.*

TERCEIRO. *Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Sede electrónica do Concello de Bergondo.*

CUARTO. *Remitir copia do expediente á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.*

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.

Bergondo, na data que figura na marxe

A Alcaldesa

Asdo. Alejandra Pérez Máquez”

(...)

A Sra. Alcaldesa explica que o desglose deste suplemento que se trae a pleno está contido nas obras do POS do 2018 e do 2019. Nestes 2 proxectos houbo moitas acometidas de saneamento feitas posteriormente e que non se tiveron en conta cando se redactou o proxecto porque no existían.

A maiores a está a proposta por parte da Deputación do Pos adicional e pos covid; necesítase o crédito para poder licitar esta obra. Outra obra para que resulta necesario crédito é a obra de mellora da rede de pluviais en Vilanova. Tamén se propón unha partida de 192.000 euros para un Fondo de financiamento para a retribución económica e social, e que completará o plan de reactivación que anunciou recentemente a Deputación e en breve aprobaranse as bases. Hai que pedir autorización a comunidade autónoma para poder exercer esta axuda. Segundo o ente provincial en Bergondo hai 819 autónomos e microempresas, con asalariados ou non, que son os destinatarios destas subvencións, que poderán ser os beneficiarios. A cantidade que lle corresponde ao noso concello son sobre 158.000 mil euros, o concello xa tería que aportar o 20% pero imos incrementar esa aportación ata uns 350.000 euros.

O Sr. voceiro do PP di que este era un bo momento para que todos os voceiros da oposición tiveran oportunidade de aportar algunha consideración máis a este orzamento. Pensa que ademais de alfaltar camiños hai máis cousas a facer pola veciñanza de Bergondo. En canto ás axudas aos autónomos e microempresas di que si todos recibiran o mesmo, a cada empresa lle van corresponder 430 euros; sería un bo momento para usar os remanentes. Manifesta que o seu voto vai ser a abstención. Incide en que se poden incluír máis saneamentos, dotar de accesos a internet e ordenadores a nenos e nenas que non teñen esa posibilidade e se podía ter comezado antes a facer actividades para beneficiar a familias e empresas.

A Sra. Alcaldesa contesta que o plan máis importante que poden facer as administracións é seguir facendo inversións porque repercuten na mellora da economía.

En canto ás axudas, non tódalas empresas van poder optar ás mesmas, porque seguiron traballando de xeito ordinario e non cumpren os criterios que rexen nas bases.

A alcaldía non foi desleal e tivo en conta o que dixeron os outros grupos políticos.

Por outra banda estanse licitando agora dous proxectos de saneamento. E tamén están axudando ás familias e á veciñanza desde o primeiro día. O Concello estivo en contacto coa dirección do colexio para ver as necesidades dos nenos e nenas, a pesares de ser unha competencia da Xunta. Neste momento están axudando na compra dos



libros de texto para o vindeiro curso.

O Sr. voceiro do grupo mixto amósase favorable a utilización dos suplementos na medida do posible. No que respecta ás obras todas son necesarias e parécelle importante o das axudas aos autónomos. O seu voto vai a ser favorable.

O Sr. voceiro de AV di que non se deben dar cifras con respecto ao das axudas do covid porque haberá empresas e autónomos que non cumpran coas bases e non terán dereito a axuda. E asfaltar camiños, facer proxectos de saneamento tamén é importante xa que fomenta e axuda ás empresas, tamén ás locais.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total nove (9) votos a favor e catro (4) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada, por maioría de votos a favor**, o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

8. ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO PARA O EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA POLO INCUMPRIMENTO DO REGULAMENTO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RESIDUOS URBANOS DO CONSORCIO AS MARIÑAS NO CONCELLO DE BERGONDO EXPEDIENTE: 2020/G014/000001

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 27 de xullo de 2020, que transcrita literalmente di:

“Logo de ver a documentación remitida polo Consorcio As Mariñas, na que se contén unha proposta do seu Presidente, relacionado co feito de que o Consorcio As Mariñas presta o servizo de recollida e tratamento dos residuos urbanos, polo que necesítase dunha acción coordinada entre os concellos para fomentar o uso responsable e adecuado ás necesidades do servizo e para garantir uns mínimos de salubridade e ornato, toda vez que se pretende dotar de máis forza aos concellos e ao propio consorcio para actuar en común.

Debatido este asunto no seno do Consorcio, e aprobada a correspondente instrución ao abeiro do artigo 83 da Lei 39/2015, así como a Ordenanza tipo a aprobar polo concellos integrados no Consorcio na sesión extraordinaria celebrada o 19 de xuño de 2020.

Compartindo esta alcaldía a necesidade de unificar a materia sancionadora por parte do Concellos que integran o Consorcio, en materia de residuos urbanos, definidos como “os producidos no territorio do Consorcio As Mariñas e definidos como tales na lexislación vixente, é dicir, os xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Se consideran tamén residuos urbanos os similares ós anteriores xerados nos servizos e industrias.

Se inclúen tamén nesta categoría os residuos xerados nos fogares de aparellos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, mobles e enseres así como os residuos e escombros procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria. Terán a condición de residuos urbanos os procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos



abandonados”

Considerando que o Consorcio As Mariñas ostenta esta competencia de acordo cos seus estatutos, pero non obstante, os concellos teñen a potestade sancionadora, dende o Consorcio propónse a derogación de ordenanzas incompatibles e a aprobación dunha ordenanza tipo de réxime sancionador para que os concellos acomoden as súas ordenanzas de limpeza e ornato ou creen unha nova.

Contando o Concello de Bergondo, cunha Ordenanza reguladora da limpeza, salubridade e hixiene no concello de Bergondo, publicada no BOP núm. 123 do 03.07.2013, que xa no seu preámbulo pretendía ser “... un instrumento que complementa o Regulamento de xestión do servizo de residuos urbanos aprobado polo Consorcio de “As Mariñas” e que se encarga de establecer o réxime xurídico da produción e xestión de residuos domésticos ou urbanos e fomentar a súa redución, reciclaxe e outras formas de valorización, así como regular os puntos limpos.”

Pola presente, propónse ao Pleno, logo do seu ditame pola comisión informativa de asuntos do pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. *Aprobar a Ordenanza reguladora do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora polo incumprimento do Regulamento da xestión do servizo de Residuos sólidos do Consorcio As Mariñas no Concello de Bergondo, que se transcribe como anexo ao presente acordo.*

SEGUNDO. *Remitir Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello e no taboleiro de anuncio da sede electrónica, xunto co texto íntegro da Ordenanza.*

TERCEIRO. *No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno da Corporación, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.*

CUARTO. *Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.*

ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO PARA O EXERCIZO DA POTESTADE SANCIONADORA POLO INCUMPRIMENTO DO REGULAMENTO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RESIDUOS URBANOS DO CONSORCIO AS MARIÑAS NO CONCELLO DE BERGONDO

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto

ARTIGO 2. Normativa aplicable

ARTIGO 3. Responsabilidade

ARTIGO 4. Medidas provisionais

TÍTULO II. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS



ARTIGO 5. Procedemento sancionador

ARTIGO 6. Infraccións

ARTIGO 7. Sancións

ARTIGO 8. Prescrición.

ARTIGO 9. Gradación das sancións.

ARTIGO 10. Resarcimento dos danos causados.

DISPOSICIÓN FINAL

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto

A finalidade desta Ordenanza é regular o procedemento para o exercicio, por parte dos órganos competentes dos distintos concellos que conforman o Consorcio As Mariñas, do poder sancionador como consecuencia das infraccións ao Regulamento de xestión do servizo de residuos urbanos.

ARTIGO 2. Normativa aplicable

A esta Ordenanza seranlle aplicables os artigos 59 e seguintes da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, artigos 25 a 31 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e do Regulamento de xestión do servizo de residuos urbanos.

ARTIGO 3. Responsabilidade

De conformidade co disposto no Regulamento de xestión do servizo de residuos urbanos, as actuacións e as omisións que contraveñan o disposto na presente Ordenanza xeran unha responsabilidade administrativa, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís e penais que poidan xurdir.

As persoas que as cometan serán responsables das infraccións, así como das persoas que poidan ser responsables por aqueles actos que deben responder. Os pais ou titores serán solidariamente responsables do pago das sancións derivadas das infraccións cometidas polos menores, por non evitar a comisión do acto como garante.

Cando existan varios responsables e non se pode determinar o grao de participación de cada un deles na comisión da infracción, a responsabilidade será demandada de forma conxunta e solidaria. Non obstante, cando a sanción sexa pecuniaria, será individualizada na resolución segundo o grao de participación de cada responsable.

ARTIGO 4. Medidas provisionais

Antes do inicio do proceso, o órgano competente para inicialo ou instruílo, por iniciativa propia ou a petición en casos de prioridade urxente e de protección temporal dos intereses afectados, poderá adoptar medidas provisionais fundamentadas, necesarias e proporcionadas. As medidas provisionais deben ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo para iniciar o procedemento, que deberá realizarse dentro dos quince días seguintes á súa adopción, que poderá ser obxecto do recurso correspondente.

En todo caso, as devanditas medidas faranse ineficaces se o procedemento non se inicia no devandito prazo ou cando o acordo de iniciación non contén unha declaración expresa sobre elas.

Ademais, unha vez iniciado o procedemento, o órgano competente para resolver, pode adoptar, por iniciativa propia ou a petición e dando razóns, as medidas provisionais que considerar necesarias para garantir a eficacia da resolución que poda ser emitida, se existira evidencia suficiente para iso, de acordo cos principios de proporcionalidade, eficacia e menor carga.

TÍTULO II. INFRACCIÓN E SANCIÓN

ARTIGO 5. Procedemento sancionador



O incumprimento do disposto na presente Ordenanza constitúe infracción administrativa punible. As sancións que procedan so poderán imporse previa tramitación do correspondente expediente, de acordo co disposto nos artigos 54 a 95 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común da Administración Pública, os artigos 25 a lei 40/2015, de 1 de outubro, o Réxime Xurídico do sector público e artigos 59 e seguintes da lei 10/1998, de 3 de novembro, 31 de residuos Galicia.

Conforme ao artigo 21.1.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do Réxime local, os poderes de sanción corresponden á Alcaldía do Concello de Bergondo.

ARTIGO 6. Infraccións

As accións ou omisións que contradigan o que se establece nesta Ordenanza considéranse infraccións. As infraccións clasifícanse como leves, graves e moi graves.

1. Son consideradas infraccións leves:

Abandonar, depositar, derramar ou eliminar residuos en vías públicas, marxes de ríos, estradas ou camiños e soares públicos ou persoais, de forma incontrolada e con incumprimento das regras, cando se trata de residuos derivados do consumo privado.

Situar vehículos ou outros elementos fronte a colectores situados en vías públicas ou de forma que impida a recolleita dos operarios do servizo de recollida.

Mover ou trasladar os colectores do seu emprazamento e/ou manipular os elementos de suxeición dos mesmos.

Manipular os residuos despois de ser depositados nos colectores ou na vía pública nas modalidades de recollida que se realicen directamente sobre ela.

Depositado residuos en horas ou lugares distintos aos sinalados polos servizos do Consorcio, ou en colectores que non se correspondan co residuo depositado.

Incinerar residuos en todo o territorio do Consorcio As Mariñas, agás das instalacións e eventos autorizados. Compactar residuos, agás da fracción de papel-cartón.

Non comunicar ao Consorcio As Mariñas, á policía local ou a Protección Civil a presenza dun animal morto na vía pública.

Os incumprimentos a esta Ordenanza que non teñan a consideración de infraccións graves ou moi graves.

2. Son consideradas infraccións graves:

Abandonar, depositar, verter ou eliminar residuos na vía pública, marxes dos ríos, estradas ou camiños e soares públicos ou privados, de forma incontrolada e con incumprimento das normas previstas sempre que non se puxera en perigo a saúde das persoas nin se produciran danos ou deterioro grave para o medio ambiente.

Inhumar cadáveres ou restos de animais ou realizar calquera tipo de práctica de enterramentos. Incinerar a título particular cadáveres de animais.

Depósito directo, abandono e vertedura dos residuos de construción e demolición e de obras en xeral:

- *Na vía pública, marxes dos ríos, estradas ou camiños, soares e terreos públicos que non foran expresamente autorizados para tal finalidade.*
- *Terreos de propiedade particular, agás nos casos nos que o seu propietario ou posuidor dispoña da obrigada autorización emitida pola autoridade competente.*

A comisión de dúas faltas leves no prazo de dous anos. Para estes efectos, entenderase cometida a falta cando estea rematado o expediente sancionador na vía administrativa, con independencia do recurso contencioso administrativo que se poida interpoñer contra a resolución sancionadora.

3. Son consideradas infraccións moi graves:

Abandonar, depositar, verter ou eliminar residuos na vía pública, marxes dos ríos, estradas ou camiños e soares públicos ou privados, de forma incontrolada e con incumprimento das normas poñendo en perigo a saúde das persoas ou producindo danos ou deterioro grave para o medio ambiente ou cando se trate de residuos perigosos.

Lixar a vía pública ou espazos públicos como consecuencia de actos vandálicos contra o mobiliario urbano, equipamento para a limpeza pública ou instalacións de calquera tipo situadas na vía ou espazos públicos, incluíndose os actos vandálicos contra vehículos, instalacións ou propiedades privadas de calquera tipo que causen sucidade na vía pública ou espazos públicos.



Dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento de residuos sen a debida autorización, ou entregalos a quen teña tal dedicación.

Non proporcionar ao Consorcio As Mariñas información sobre a orixe, cantidade e características dos residuos que poidan producir trastornos medioambientais no transporte ou tratamento, así como proporcionar datos falsos ou obstruír o labor inspector nos supostos de residuos industriais.

Depósito directo, abandono e vertedura dos residuos de construción e demolición e de obras en xeral, poñendo en perigo grave a saúde das persoas, o do medio ambiente ou cando a actuación tivese lugar en espazos protexidos en función do seu valor ecolóxico ou cando se trate de residuos perigosos:

Na vía pública, marxes dos ríos, estradas ou camiños, soares e terreos públicos que non foran expresamente autorizados para tal finalidade.

Terreos de propiedade particular, agás nos casos nos que o seu propietario ou posuidor dispoña da obrigada autorización emitida pola autoridade competente.

A comisión de dúas faltas graves no prazo de dous anos. Para estes efectos, enténdese cometida a falta cando estea rematado o expediente sancionador na vía administrativa, con independencia do recurso contencioso administrativo que se poida interpoñer contra a resolución sancionadora.

ARTIGO 7. Sancións

As sancións que se imporán aos infractores serán as seguintes:

1. Pola comisión de infraccións leves poderase impoñer unha multa entre 60 e 750 euros.

No caso da infracción leve consistente en «Abandonar, depositar, derramar ou eliminar residuos en vías públicas, marxes de ríos, estradas ou camiños e soares públicos ou persoais, de forma incontrolada e con incumprimento das regras, cando se trata de residuos derivados do consumo privado», como alternativa á multa, establécese a posibilidade de que quen cometeu a infracción realice, con carácter voluntario, unha prestación persoal de servizos de limpeza na vía pública, de conformidade co disposto no artigo 65.3 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia.

2. Pola comisión de infraccións graves, multa de 751 a 3.000 euros, agás no caso de residuos perigosos, que será de 6.000 a 300.000 euros.

3. Pola comisión de infraccións moi graves, multa de 3.001 a 6.000 euros, agás no caso de residuos perigosos, que será de 301.001 a 2.000.000 euros.

En ningún caso a multa que se impuxese pola comisión da infracción tipificada na presente Ordenanza resultará mais beneficiosa para que cometeu a infracción que o cumprimento da disposición infrinxida, podendo incrementarse a súa contía ata o dobre da mesma, aínda que supoña superar a sanción mínima prevista neste artigo. A valoración do beneficio ilícito se realizará dacordo a valores e prezos de mercado, segundo o disposto no artigo 66 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia.

Iniciado o procedemento sancionador, si o infractor recoñece a súa responsabilidade ou indica que desexa proceder ao pagamento voluntario da sanción, aplicarase unha redución do 20% do importe da sanción que lle puidera corresponder sempre e cando deixe constancia do seu desestimento ou renuncia de calquera acción ou recursos na vía administrativa contra a sanción, sendo indispensable que esta posibilidade se lle comunique ao infractor no acordo de inicio do procedemento sancionador, tal e como dispón o artigo 64.2.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ARTIGO 8. Prescrición

As infraccións leves prescribirán ao cabo dun ano, as infraccións graves aos tres anos e as infraccións moi graves aos cinco anos. As sancións impostas por infraccións leves prescribirán ao cabo de un ano, as sancións impostas por infraccións graves ao cabo de tres anos e as sancións impostas por infraccións moi graves logo de cinco anos.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a partir do día en que se cometeu o delito. No caso de infraccións constantes ou permanentes, o prazo comezará a contar desde o remate da conduta infractora. A prescrición interromperase coa iniciación, co coñecemento do interesado, dun procedemento administrativo de natureza sancionadora, reiniciándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado por máis dun mes por motivos non imputables ao presunto responsable.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquire firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución,



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante mais dun mes por causa non imputable ao infractor. No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola que se impón a sanción, o prazo de prescrición da sanción comezará a contar desde do día seguinte a aquel no que remate o prazo legalmente previsto para a resolución do devandito recurso.

ARTIGO 9. Gradación das sancións.

A contía das sancións graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

- a) A natureza do risco ou dano ocasionado, a súa repercusión e transcendencia social, o custe da restitución ou a irreversibilidade do dano causado ou deterioro producido na calidade do recurso ou ben protexido.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- c) A contía do beneficio ilícito obtido ou o grado de participación dos sancionados.
- d) A comisión da infracción en espazos naturais protexidos pola normativa vixente, así como nos espazos contemplados na Rede Natura 2000 e en áreas de elevado valor paisaxístico, establecidas estas últimas dacordo coa normativa vixente en materia de protección da paisaxe de Galicia.
- e) A reincidencia, pola comisión no termo dun ano de mais dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.
- f) A adopción, con antelación ao remate do procedemento sancionador, e previo consentimento do órgano medioambiental competente, de medidas correctoras que minimicen ou resolvan os efectos prexudiciais que sobre o medio ambiente se derivasen da infracción.

Igualmente, poderá terse en conta como circunstancia atenuante ou agravante a disposición de quen tivera cometido a infracción para reparar os danos causados.

ARTIGO 10. Resarcimento dos danos causados.

En todo caso, si as condutas sancionadas causaran danos e prexuízos a bens municipais, a resolución do Sector Público, declarar: A esixencia ao infractor da reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola infracción.

A indemnización polos danos e prexuízos causados na contía determinada polo órgano ao que corresponda o exercicio da potestade sancionadora.

DISPOSICIÓN FINAL

Primeira. Será de aplicación a presente Ordenanza ás sancións en materia de residuos domiciliarios e urbanos definidos no artigo 1 do Regulamento da xestión do servizo de Residuos sólidos do Consorcio As Mariñas. En caso de contradición entre esta Ordenanza e a Ordenanza reguladora da limpeza, salubridade e hixiene no concello de Bergondo, BOP núm. 123 do 03.07.2013, en materia de residuos definidos no citado artigo 1, prevalecerá a primeira.

Segunda: A presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña de conformidade cós artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Bergondo, 21 de xullo de 2020

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”

(...)

A Sra. Alcaldesa lembra que este asunto leva anos tratándose no seo do Consorcio, que ten delegada a xestión dos residuos solidos urbanos e asimilados. Pero a potestade sancionadora corresponde aos concellos e polo tanto é importante que todos eles teñan a mesma ordenanza. Observamos que en toda a área do Consorcio



houbo un incremento no volume de enseres, mobles e lixo que se deposita nos contedores. Así mesmo reclamamos ao Consorcio a realización dunha campaña de concienciación e difusión de cómo é o procedemento para depositar o lixo ou enseres voluminosos.

Bergondo ten unha ordenanza de limpeza que se vai manter, pero no que se contradiga con ésta será de aplicación a do Consorcio por ser a que une aos oito concellos integrantes do Consorcio.

O Sr. voceiro do PP manifesta que esto xa debeu saír fai tempo por parte do Consorcio porque os residuos voluminosos xeran un gasto superior a recollida de lixo tradicional. E por parte do Concello e aproveitando que xa tiñamos unha ordenanza, púidose ter multado a algún veciño ou veciña.

O Sr. voceiro do grupo mixto indica que aínda que hai algún aspecto que non lles convence de todo, parécelle importante dotarnos dun instrumento coma este, porque cada vez hai máis accións deste tipo. O seu voto vai ser favorable.

O Sr. voceiro de AV di que se bota moi en falta que a concesionaria leve a cabo esa importante campaña de concienciación que podería vir acompañada de rotulado de contedores. Van apoiar esta ordenanza xa que hai que harmonizar as ordenanzas dentro do seo do Consorcio, pero reconece que lle decepciona en 2 aspectos: que non exista a posibilidade de que o propio Consorcio asuma a tramitación xurídica das sancions; e a posibilidade de poñer en común as policía locais dos distintos concellos para a investigación e persecución destas condutas. Isto non lles ía interesar aos concellos grandes, pero parécelle unha boa opción. O seu voto vai ser favorable.

A Sra. Alcaldesa responde que habitualmente cando hai vertidos non se coñece ao infractor, é un proceso laborioso, a xente debe ter conciencia deste tema e a cotío pídese a colaboración por parte da Policía.

Está de acordo en que o Consorcio puidese ser o instrutor ou incluso o sancionador.

Pódense compartir policía a través dos convenios específicos para determinadas actuacións.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total trece (13) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos

9. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE PROMOCIÓN DA PLANTACIÓN DE ÁRBORE AUTÓCTONA.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 27 de xullo de 2020, que transcrita literalmente di:

“David Carro Temprano, con DNI 47366222-E, en calidade de concelleiro portavoz do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Bergondo, propón ao Pleno para a súa aprobación a seguinte moción sobre “Promoción de plantacións de arbore autóctona”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Nos últimos tempos véñense producindo no noso termino municipal talas masivas de plantacións arbóreas por parte da veciñanza, nomeadamente eucaliptais. Ademáis, a crise xerada pola pandemia da covid19 fará que moita xente teña que buscar recursos económicos engadidos, co cal as talas poden aumentar, xa que quen teña madeira para vender botara man dela para complementar ingresos, o que nos fai pensar que é un bo momento para, dende a Administración Local, contribuír a un cambio de modelo produtivo, e tomar medidas encamiñadas a que as persoas propietarias das parcelas collan conciencia dos beneficios de plantar árbores autóctonas, como carballo, castaño, froiteiras ... por varios motivos:

- 1.- Un monte con especies autóctonas alberga moita maior biodiversidade e defendese mellor de probables incendios.*
- 2.- O eucalipto altera enormemente as propiedades fisicoquímicas, bioquímicas e microbiolóxicas do chan, e é difícil de erradicar.*
- 3.- En termos económicos, estudos recentes demostran que especies como o castaño, poden dar un maior beneficio, coa venta da madeira por un lado e a produción de castañas por outro, da que se podería obter do eucalipto.*
- 4.- O eucalipto é un cultivo intensivo que impide que nazan outras especies. Ademáis, para o seu crecemento require dunha gran cantidade de auga, polo que afecta ao desenrolo de plantacións próximas.*

Na actualidade, o eucalipto sobrepasa as 500.000 hectáreas en Galiza, case o 17% do territorio; a plantación de eucaliptais que se previa para o 2032 foi xa superada no 2009 e a tendencia segue sendo alcista. Este asunto ten chegado incluso a Comisión Europea que fixo mostra tamén da súa preocupación polo tema. Antes de que se leve a cabo unha total invasión eucaliptizadora compre comezar a poñerlle freo, dende outras localidades galegas teñen adoptado xa algunha medida neste sentido.

Si ben dende o BNG entendemos que esta non é unha problemática que so se circunscriba ao noso municipio senón que afecta a todo o país, e que é a Xunta quen dispón de mais mecanismos ao seu alcance para poder revertila, consideramos que dende o Concello si podemos aportar o noso pequeno grao de area, toda vez que non se aprecian cambios substanciais nas políticas forestais do goberno galego a curto prazo, ou máis ben esta vai en sentido oposto.

Polo exposto anteriormente, o BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar ao Goberno Local a adquisición dun lote anual de árbores autóctonas, preferiblemente en viveiros da localidade ou a comarca, e facilitar as mesmas de xeito gratuito a veciñanza que opte por repoboar así o seu monte fuxindo do eucalipto. Así mesmo, a persoa beneficiaria debera comprometerse a utilizar a pranta para o fin descrito, indicar a parcela para onde vai para asegurarse que sexa dentro do municipio, e non plantar eucalipto nun prazo determinado de tempo.

2.- Facultar á Alcaldía e concelleira/o en quen delegue a tomar cantas medidas sexan necesarias para cumprir este acordo.

Bergondo, 21 de xullo de 2020”

O Sr. voceiro do grupo mixto, tras dar lectura a moción achegada, entende que se debe aproveitar esta situación que se está a dar de máis talas, para cambiar a xestión do monte e incentivar a plantación da árbore autóctona, aínda que no concello poida ser unha pequena parte.



A Sra. Alcaldesa manifesta que está de acordo co espírito da moción. Pero ten o inconveniente da adquisición nos viveiros da localidade ou da comarca, xa que, ao requiriren dunha licitación hai que recorrer a procedementos abertos, e gaña quen presente as mellores ofertas. Isto precisa unha regulación para que os vecinos fixeran as solicitudes das árbores, facer o seguimento, etc...non é fácil. Ademais a plantación de eucalipto, co fin de obter un rendemento económico, está permitida. Habería que regular, a través das figuras do planeamento, en qué lugares se poden plantar ou non, respectando o medio natural. Por unha cuestión de responsabilidade vense obrigados a votar en contra. Por outra banda, temos a sorte de ter un gran espacio de rede natura donde hai un montón de eucaliptos, algúns vanse retirar, e outros non por estar en propiedades privadas.

O Sr. voceiro do PP non ve factible darlle forma a esto desde a administración local. Igual é máis factible desde o planeamento determinar as áreas forestais donde se permitan ou se penalicen as plantacións de eucalipto. O espírito desta moción é moi bo e podía ter boa acollida entre a veciñanza. Debería fomentarse esta figura desde o PXOM, delimitando zonas forestais masivas e respectar o medio ambiente. Non van apoiar a moción.

O Sr. voceiro de AV di que a Xunta debería limitar a expansión descontrolada do eucalipto en Galicia. A través das ordenanzas do futuro PXOM poderanse tomar medidas en zonas naturais, de costa, etc..., que non entren en conflito con leis de rango superior. O espírito da moción é loable. Existe un marco regulador que a Xunta aprobou, a Lei de incendios do 2007, e as franxas de distancia de especies con relación a núcleos de poboación, vivendas pistas, camiños públicos, está vixente fai anos. A normativa actual permite controlar que non existan eucaliptos a unha determinada distancia do camiño, das casas, de determinadas instalacións, en parcelas que tiñan usos agrarios, en zonas con xacementos arqueolóxicos... Tampouco está permitido transformar bosques de frondosas en eucaliptais nin en piñeirais. Non cuestionan a lexitimidade de buscar o rendemento económico, pero hai que cumprir as leis, limitando a expansión descontrolada do eucalipto, e esto pódese facer modestamente desde os concellos. Vanse abster.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dúas (2) abstencións; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total dez (10) votos en contra, un (1) voto a favor e dúas (2) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos en contra**, a moción antes transcrita.

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS.

O portavoz do grupo municipal do Partido Popular, da conta da emenda á moción ditaminada desfavorablemente por maioría de votos en contra, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 27 de xullo de 2020, acollendo as modificacións propostas polo grupo municipal socialista, e que deseguido se transcribe literalmente:

““MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE BERGONDO, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS



O Grupo Municipal Popular no Concello de BERGONDO conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus “aforros”, os “aforros dos veciños”- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC. AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.

2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.

3. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.

4. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Por estas razóns o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello de Bergondo a adoptar os seguintes:

ACORDOS

Que se manifieste:

1. O compromiso do Concello de BERGONDO coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

2. O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

Instar o goberno de España a:

3. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

4. Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.

5. Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante o órgano de goberno da FEMP, lexítimo representante das EE.LL. e dos españois.

6. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP.(...)"

A sra. Alcadesa pide introducir no citado texto, outras tres emendas, relativas á engadir instar tamén á Xunta de Galicia non só ao goberno do Estado, incluír á FEGAP xunto coa FEMP, e engadir os puntos 2, 3 e 4 da proposta feita na comisión informativa, e que son:

“ 2. Que a FEGAMP, como órgano representativo dos concellos Galegos, convoque a unha manifestación aos alcaldes e alcaldesas, para reclamar a modificación da lei Montoro e a regra de gasto.

3. Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

4. Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.”

O grupo municipal do Partido Popular, acepta as emendas.

Finalmente, o texto que se somete á votación do pleno é o texto que a continuación se transcribe literalmente:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE BERGONDO, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS

O Grupo Municipal Popular no Concello de BERGONDO conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de



Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus “aforros”, os “aforros dos veciños”- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC. AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.

2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.

3. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.

5. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Por estas razóns o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello de Bergondo a adoptar os seguintes:

ACORDOS

Que se manifieste:

1. O compromiso do Concello de BERGONDO coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.

2. O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados



polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

Instar o goberno de España e á Xunta de Galicia a:

3. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

4. Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.

5. Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP e da FEGAMP, lexítimos representantes das EE.LL. e dos españois.

6. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e ás Xuntas de Goberno da FEMP e FEGAMP.

7. Que a FEGAMP, como órgano representativo dos concellos Galegos, convoque a unha manifestación aos alcaldes e alcaldesas, para reclamar a modificación da lei Montoro e a regra de gasto.

8. Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

9. Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.”

O Sr. voceiro do PP indica que acepta a emenda que se propuxo na comisión informativa. A regra de gasto foi unha decisión dun goberno nun momento de crise para intentar axustar no seu proceso a economía do país. Foi unha ferramenta útil para salir da recesión que había nese momento.

A Sra. Alcaldesa manifesta estar de acordo coa moción emendada, reivindica que os remanentes deber ser utilizados polo concello e a regra de gasto non lles convence. Pode que se consiga esa flexibilización da regra de gasto.

O Sr voceiro do grupo mixto reitera que está de acordo coa utilización do remanente por parte dos concellos. Nos acordos parécelles un pouco contradictorio o punto 1 e o punto 4 referido a Lei de Estabilidade. O seu voto vai ser favorable.

O Sr. voceiro de AV manifesta que o seu voto con relación a esta moción emendada vai ser a abstención.



Non confía na derogación da regra de gasto, non lles gusta esta situación, que poida acabar nun préstamo forzado. A FEMP e a FEGAMP chegan tarde neste tema tan fundamental para os concellos. Cre que imos asistir a unha confiscación dos aforros de Bergondo.

A Sra. Alcaldesa responde que a Lei de estabilidade financeira non se pode derogar pero poden suxerirse unhas modificacións. O préstamo de fondos é voluntario e será o Pleno de Bergondo quen decida si se materializa ou non. Non se fala de incautación e hai que esperar a que se publique. E hai que demostrar a solidariedade nos momentos en que é necesario.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción emendada a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) abstencións; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total once (11) votos a favor e dous (2) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada, por maioría de votos** a favor a moción emendada que devén en acordo nos termos antes transcritos

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS EN RELACIÓN A CONCENTRACIÓN PARA A ELIMINACIÓN DA LEI MONTORO E DA REGRA DO GASTO.

Dáse conta da moción ditaminada desfavorablemente por maioría de votos en contra, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 27 de xullo de 2020, que transcrita literalmente di:

“Juan Antonio Fariña Pedreira como voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico do Concello de Bergondo, presenta para a súa aprobación polo Pleno esta moción:

Concentración contra a lei Montoro e a regra de gasto EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Alternativa dos Veciños leva anos denunciando a situación que veñen vivindo os concellos de toda España, que lles impide a utilización de fondos incluídos como remanentes e que se foron orixinando polos superávits desde a coñecida lei Montoro do 2012, na que se fixaba unha regra de gasto que limitaba o gasto anual de cada municipio.

Esta lei, amplamente criticada por todos os partidos políticos do estado, comprometéndose case todos eles a eliminala se gobernasen ou cogobernasen; non só non se eliminou, senón que agora preténdese baleirar as arcas a todos aqueles concellos que temos acumulado o remanente desde a entrada en vigor da citada lei. No caso do Concello de Bergondo, máis de sete millóns de euros, na Deputación Provincial da A Coruña, 70 millóns de euros, e o superávit do pasado exercicio de máis de 20 millóns de euros. O anuncio do que vai vir, vén da man do presidente da FEMP, o señor Caballero, por certo un dos máis intransixentes, cando gobernaba o Partido Popular. Non queremos pensar nos investimentos en infraestruturas que podería levar o municipio de Vigo polos servizos prestados, no caso de que a FEMP pacte co goberno o que pretenden.

Os cartos das administracións locais non son do Estado. O Goberno da Nación non pode usurpalos, para supostamente, devolvérnoslos en dádivas ao longo de 10 anos. Estamos a asistir a un xogo de “trileiros”, no que o gancho é o presidente da FEMP e Alcalde de Vigo.

ACORDOS



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Por todo iso propono ao pleno do Concello de Bergondo, que desde a alcaldía, se convoque a todos os membros desta corporación para manifestarse ante a porta da Casa do Concello ás 12:00 da mañá do próximo 7 de agosto, para reclamar a eliminación da lei Montoro e da regra de gasto. No caso de que a Deputación provincial acorde cambiar a data desta convocatoria para outro día, se trasladaría ese cambio para coincidir con todos os municipios da provincia.

En Bergondo, a 24 de xullo de 2020

Asdo:

Juan A. Fariña Pedreira

Voceiro do Grupo Municipal da Alternativa dos Veciños”

O Sr. voceiro de AV, tras dar lectura á moción achegada, comenta que este tema xa foi debatido no punto anterior.

A Sra. Alcaldesa indica que non lle parecen axeitadas certas expresión utilizadas no argumentario. Dubida que a Deputación vaia facer unha convocatoria para esta cuestión e está a favor dunha convocatoria ampla por parte da FEGAMP porque representa a tódolos concellos, non soamente os da provincia.

O Sr. voceiro do PP manifesta que vai votar en contra.

O Sr. voceiro do grupo mixto di que están de acordo na exposición de motivos. Xa manifestaron máis veces a súa posición contraria a esta lei e sería máis visible unha concentración máis ampla. O seu voto vai ser a favor.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total dez (10) votos en contra e tres (3) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos en contra**, a moción antes transcrita.

12. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A continuación pola Sra. Alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 25 de maio de 2020 ao 24 de xullo de 2020, ámbolos dous incluídos, numerados do 642/2020 do 25 de maio ao 916/2020 do 24 de xullo de 2020.

O Pleno queda enterado.

13. MOCIÓNS URXENTES

Non se presentan.

14. ROGOS E PREGUNTAS



A continuación pola Sra. Alcaldesa ábrese a queda de intervencións para os rogos e preguntas.

Os rogos e preguntas presentadas polo grupo mixto a través da Sede Electrónica do Concello, o día 29 de xullo, núm. Entrada: 202099900001706, foron as seguintes:

- 1.- *En días pasados a prensa facíase eco dunha protesta dalgún socorrista sobre a elección do coordinador do servizo, ¿poderían explicarnos este aspecto?*
- 2.- *O Ministerio de Transportes tramita a avaliación ambiental do proxecto para o baipás de Betanzos, obra que tamén afecta ao noso concello para a que se prevían varias alternativas. ¿Teñen coñecemento da alternativa escollida e a súa afección en Bergondo, así como posibles prazos?*
- 3.- *¿Teñen algunha previsión acerca da reapertura dos locais sociais municipais?*

ROGO. Se tomen as medidas oportunas para retirar da vía pública dous vehículos con claros síntomas de abandono en Lubre e Guísamo. (achegan fotografías)

ROGO. O Local Social de Guísamo fai tempo que sufriu actos vandálicos e presentan algunha pintada “indecorosa” por calificala dalgún xeito. Rogamos sexan tapadas as mesmas, mentras non se acomete un pintado exterior xeral. (achegan fotografía)

ROGO. O antigo palco da música de Vixoi presenta un importante estado de deterioro. Rogamos se estudie a posibilidade da súa restauración, podendo utilizar o baixo como pequeno almacén municipal, ante a falta de espazos para este uso. (achegan fotografías)

ROGO. En datas pasadas coñeciase o protocolo da Consellería de Educación para a apertura dos centros de ensino de cara ao novo curso, documento que recibiu un considerable rexeitamento da comunidade educativa. Rogamos se convoque un Consello Escolar Extraordinario para ver como afecta este no noso concello e as medidas a adoptar de ser o caso.

Os rogos e preguntas presentadas polo grupo do Partido Popular a través da Sistema de Interconexión de Rexistros, o día 29 de xullo, núm. Entrada: 202090000000603; foron as seguintes:

1.- *La obra del saneamiento de A Cruz do Sar después de casi 6 años se ha reactivado: ¿Cómo se solventaron los problemas que la han tenido paralizada estos años? ¿Ello ha implicado algún cambio en el proyecto inicial? ¿Ello ha implicado la ampliación de los usuarios del saneamiento? Si no es así, ¿por qué no se aprovecha para ampliar la red hacia Fiobre?*

2.- *¿Cuándo se tiene previsto iniciar las obras de la senda peatonal y saneamiento en Vixoi? En prensa la Diputación anunció la intención de hacer modificaciones puntuales a instancias de los vecinos. ¿Cuándo tiene previsto reunirse con los afectados?*

3.- *En el límite con el Concello de Betanzos, en la zona de Viladesuso se asfaltó una vía y en la parte que corresponde a Bergondo en la parroquia de Cortiñán se estrecha de tal manera que los registros del saneamiento quedan fuera del trazado sobre las cunetas, de forma peligrosa para los vehículos y los viandantes. ¿Cuál es el motivo de esa diferencia de ancho en que ha quedado la carretera? Los vecinos piden una explicación ¿Pueden dar una solución a este problema?*

4.- *¿Algún avance en la previsión de inicio de las obras de saneamiento en Lubre?*



5.- *La finca que sirve de aparcamiento a la playa de Gandarío es de propiedad municipal o privada? ¿Se paga algún tipo de alquiler por su uso? ¿Por cuánto tiempo?.*

6.- *¿Se ha iniciado algún expediente de requerimiento a la entidad propietaria de la Casa Cortés de Guísamo? La maleza la ha invadido de nuevo y hay riesgo de incendio así como evidente deterioro de la imagen del Concello.*

7.- *¿Se puede instar a los propietarios del Pazo de Baldomir? También está invadida por la maleza.*

8.- *Tenemos quejas por el depósito continuado de los restos del corte de la hierba del campo de fútbol de Cortiñán. ¿El acceso al campo de fútbol por la parte trasera es público? ¿Pueden retirarlos y evitar en el futuro esta situación?.*

9.- *El desbroce realizado por las carreteras de Cortiñán hace más o menos un mes ha sido un despropósito: apenas cortó la parte de las cunetas y los cómaros quedaron igual. ¿Cuándo van a volver a cortarlos como es debido?*

10.- *Hace dos años se colocaron en montes y fincas unos carteles en los casos de incumplimiento de las distancias mínimas que establece la Ley 7/2010 de Montes de Galicia. ¿Cuántos afectados cumplieron? ¿Cuántos quedan sin cumplir? ¿Cuántas sanciones se impusieron?.*

11.- *¿Cuántos expedientes urbanísticos se incoaron en el ejercicio 2019 y cuántos en lo que va de 2020 relativos a obras mayores?*

12.- *¿En qué fase se encuentra el Inventario de caminos? Hay quejas de vecinos que presentaron alegaciones y todavía no se han contestado.*

13.- *¿En qué fase se encuentra la ordenanza de vertidos?*

14.- *¿Cómo va el avance del Plan General?*

15.- *¿Se han realizado pruebas PCR o de otro tipo al personal municipal?.*

16.- *¿Ya se han dotado los locales sociales de elementos higiénicos como hidrogel y desinfecciones?*

A Sra. Alcaldesa indica que non vai contestar as preguntas achegadas polo grupo do Partido Popular porque foron presentadas o día anterior pola noite e non lle dou tempo. Serán contestadas por escrito nos próximos días.

O Sr voceiro do PP quere incluír unha pregunta máis que é a seguinte: ¿cando se ter previsto licitar a obra dos taludes da praia do Regueiro?

2. TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, MIGUEL ÁNGEL IGLESIAS MESÍAS. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTE. 2019/X998/000303

Dáse conta do escrito presentado no rexistro xeral do concello, nº rexistro entrada 20200000001189 do 14.07.2020, polo concelleiro do grupo municipal do PP, Miguel Ángel Iglesias Mesías, polo que ao abeiro do disposto no artigo 9.4 do ROF e artigo 182 da LOREG, presenta a súa renuncia á condición de concelleiro do Concello de Bergondo.

A Sra. Alcaldesa agradece ao compañeiro que formara parte da corporación durante este breve tempo, entende a



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

situación persoal que lle obriga a dar este paso, que non é voluntario. Agradece o seu labor como concelleiro dando o seu tempo en favor do municipio. Fáiselle entrega da medalla edilicia.

O Sr. voceiro do PP tamén lle da agradece o tempo dedicado.

O Sr. Iglesias Mesías da as gracias a todos e despídese.

Vista a regulamentación na materia contida no artigo 9 do R.d. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; artigos 19.2.b) e 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 5 de xuño, do réxime electoral xeral e a Instrucción do 10 de xullo de 2003 da Xunta Electoral Central (BOE nº 171 do 18.07.2003).

Finalizadas as intervención, sométese a proposta a votación, e por unanimidade de votos a favor (12): seis (6) do grupo municipal do PsdG-PSOE; tres (3) do grupo municipal do Partido Popular; dous (2) do grupo municipal de Alternativa dos Veciños e un (1) do grupo mixto, o Pleno do Concello de Bergondo toma coñecemento e adopta o seguinte acordo:

TOMAR COÑECEMENTO da renuncia ao seu cargo de concelleiro do grupo municipal do Partido Popular presentada por Miguel Ángel Iglesias Mesías, no rexistro xeral do Concello o 14 de xullo de 2020, co número de rexistro de entrada 20200000001189.

E ÚNICO.- Solicitar da Xunta Electoral Central a expedición de credencial acreditativa da condición de electa a favor de MARÍA ARCA NIETO, quen figura como número 5, na candidatura pertencente ao Partido Popular (PP) do Concello de Bergondo, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, nº 81 do 30.04.2019.

Esta acta foi gravada con audio. Consta no expediente do TEdC 2020/G010/000005 a dita gravación en formato mp3. A pegada dixital desta gravación de audio é a seguinte: 75D720298357656837D93E3C31EE33616FEE253087360332FC1674BFF6B411

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e trinta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria
Ana M^a Cacharrón Castelos

V^o. e Pr. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez